

**20/888 CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A BIBLIOTECA MUNICIPAL NO BARRIO DA PIRINGALLA EN LUGO. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.-**  
Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 23 de novembro de 2009 que, na súa parte expositiva, fai constar:

#### **“ANTECEDENTES**

- I. Proxecto técnico de construción dun edificio para biblioteca elaborado pola mercantil GAU ARQUITECTURA E URBANISMO S.L.P para o Concello de Lugo.
- II. Informe técnico do servizo municipal de arquitectura de data 25 de xuño de 2009 favorable pero condicionado ó informe do servizo municipal de enxeñaría sobre os servizos da parcela e ó informe do servizo de arqueoloxía sobre a necesidade ou non de escavación arqueolóxica.
- III. Informe favorable da arqueóloga municipal de data 6 de xullo de 2009.
- IV. Informe do servizo municipal de enxeñaría de data 14 de xullo de 2009 sobre os servizos da parcela destinada a edificio para biblioteca municipal no barrio da Piringalla.
- V. Acta de replanteo previo do proxecto de edificio dotacional destinado a biblioteca municipal asinada pola arquitecta municipal con data 17 de setembro de 2009.
- VI. Informe de intervención de data 9 de novembro de 2009 no que se pon de manifestos, entre outros aspectos, a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 4510.62209 do vixente orzamento para o importe de 1.030.123,44 euros.
- VII. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla en Lugo, redactado polo servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de obras, que segundo o artigo 6 da LCSP serían aqueles ‘que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante’: O obxecto do presente contrato é a realización das obras de construción dun edificio dotacional destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla na cidade de Lugo (obras de primeiro establecemento segundo o disposto no artigo 106 LCSP).

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

**Terceira.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, á

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 09x530200888 OBRA BIBLIOTECA PIRINGALLA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-12-2009

Xunta de Goberno Local correspóndelles as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, fóra da orde do día e tras a declaración de urxencia previa, adoptada por unanimidade de todos os membros presentes, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A BIBLIOTECA MUNICIPAL NO BARRIO DA PIRINGALLA EN LUGO cun presuposto de 1.030.123,44 euros.

**SEGUNDO.-** Aprobar o proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior que, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, a continuación e literalmente se transcribe:

**“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCION DUN EDIFICIO DESTINADO A BIBLIOTECA MUNICIPAL NO BARRIO DA PIRINGALLA EN LUGO**

-----  
**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

É obxecto do presente contrato a realización das obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla na cidade de Lugo, segundo o proxecto técnico elaborado pola mercantil GAU ARQUITECTURA E URBANISMO S.L.P

CPV: 45212320-5 Traballos de construción de edificios relacionados con actividades artísticas

CNAE 2009: 41.22 construcion edificios non residenciais

**SEGUNDA.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.**

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares se satisface a necesidade de construción dunha nova biblioteca municipal no barrio da Piringalla na cidade de Lugo.

**TERCEIRA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.**

## ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x530200888 OBRA BIBLIOTECA PIRINGALLA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-12-2009

Trátase dun contrato de obras, recollido e regulado nos artigos 6, 105 e seguintes e 212 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e que ten por obxecto concretamente a realización das obras de construción dun edificio dotacional destinado a biblioteca municipal.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 de contratos do Sector Público a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

Ademáis do presente prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto.

- O programa de traballo, aceptado polo órgano de contratación.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

#### **CUARTA.- PRESUPOSTO BASE DE LICITACION**

- a) O contrato ten un valor estimado de: 888.037,45 euros
- b) O importe correspondente ó IVE ( 16%) ascende a : 142.085,99 euros.
- c) O presuposto de execución por contrata ten un importe de : 1.030.123,44 euros

Faise contar a existencia de crédito na partida 4510.62209 do vixente orzamento xeral por importe de 1.030.123,44.

#### **QUINTA. PRAZO DE EXECUCIÓN.**

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de **DOCE MESES** contado a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

#### **SEXTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten estar **clasificadas no grupo C, subgrupo 2 , categoría e).**

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante

a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

#### **SÉTIMA.- GARANTÍAS.**

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional, por importe de **26.641,12 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP .De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos esatablecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

#### **OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es)). O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras **A- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA- B, PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA ÓS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE e C- PROPOSICIÓN ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.**

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

#### **DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.**

O sobre denominado A, **documentación administrativa**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarse a correspondente taxa (9,70 euros aprox). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Certificado de atoparse clasificada a empresa no **grupo C, subgrupo 2 , categoría e).**

## ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09x530200888 OBRA BIBLIOTECA PIRINGALLA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-12-2009

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

- Xustificante de constitución da garantía provisional, a cal consistirá nun 3 por 100 do presuposto do contrato (**26.641,12 euros**).

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da Lei de Contratos do Sector Público



- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

**O sobre denominado B, Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente**, conterá a seguinte documentación relativa ós criterios de adxudicación non avaliábel aritméticamente sinalados na cláusula décimo segunda e que se sinalan a continuación:

- Estudio técnico das obras (criterio 4).

- Revisións durante todo o prazo de garantía esixido e ofertado (criterio 5).

O licitador poderá acompañar á súa oferta tanta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

**O sobre denominado C, Proposición económica e relativa a criterios avaliábel automaticamente**, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI nº ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación das **OBRAS DE CONSTRUCCION DUN EDIFICIO DESTINADO A BIBLIOTECA MUNICIPAL NO BARRIO DA PIRINGALLA EN LUGO.**

b) **Que propón:**

- como prezo do contrato a cantidade ..... euros máis ..... Euros correspondentes ó IVE ( 16%) resultando un total ofertado de ..... euros IVE incluído.

- unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de ..... Euros, IVE incluído.

(As cantidades consignaranse en letra e número)

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

**O licitador deberá acompañar dentro do sobre C a documentación relativa ós seguintes criterios de adxudicación avaliábel automaticamente da cláusula décimo segunda que son:**

- Cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato (criterio 1).

- Garantías adicionais ofertadas polo contratista (criterio 2).

- Control de calidade da obra (criterio 3).

O licitador poderá acompañar á súa oferta canda documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

**A inclusión errónea de documentación dun sobre noutro implicará automaticamente o rexeitamento das proposicións do licitador.**

### **DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

**PRESIDENTE:** Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

**VOCAIS:**

- A Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo e Educación.

- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación

- Interventor xeral ou funcionario/a que legalmente o substitúa.

- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

**SECRETARIO:** O xefe do servizo de contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.

Poderán asistir, con voz pero sen voto, persoal municipal con cualificación adecuada para asesorar ós membros da Mesa de Contratación sobre aspectos técnicos das ofertas presentadas.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de lectura da proposta de puntuación e posterior apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION**

Os **criterios de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

#### **CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE:**

**1. Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato (ata 30 puntos).**

Obterá a máxima puntuación neste apartado (30 puntos) a proposición da empresa que oferte unha maior cantidade económica destinada a melloras directamente relacionadas co obxecto do contrato e que consta no ANEXO DE MELLORA DE OBRAS.

Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningunha cantidade económica destinada a melloras e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

A cantidade ofertada entenderase que inclúe tódolos impostos indirectos aplicables á execución dos gastos que se afecten segundo a proposta que se aprobe polo órgano de contratación, previa proposta do servizo e de conformidade co contratista adxudicatario, debendo en todo caso vincularse ou afectarse a contía da melloras indicadas na relación que se indica a continuación.

O proxecto de execución achegado contempla:

- orzamento de execución material do proxecto	746.249,96 €
- orzamento de contrata (con IVE)	1.030.123,44 €

Este orzamento é o que corresponde a execución do proxecto como obra completa.

Ademais no ANEXO DE MELLORAS DA OBRA, **incorporase un documento onde se especifican o destino das melloras a ofertar**, por un importe de 55.831,32 € de execución material, 77.069,55 € de orzamento xeral con IVE

Estas melloras refírense ós seguintes conceptos:

**Concepto 1.-** Segundo equipo de bombeo mergullable e sistema de alarma de parada correspondente.

**Concepto 2.-** Mamparas divisoras en oficinas.

**Concepto 3.-** Complementos de aseos, escaleira escamoteable para acceso a cuberta, e rotulos exteriores.

**Concepto 4.-** Elementos e equipos de alumbeado interior

**Concepto 5.-** Equipamento necesario para completar a instalación de voz e datos  
Cada un dos conceptos ven detallado no devandito anexo onde aparece detalladas as partidas correspondentes a través da descripción pormenorizadas na medición e nos planos, e correspondense coa relación seguinte:

CONCEPTO 1	CAP.2	SANEAMIENTO HORIZONTAL	2.267,00 €
		<b>TOTAL DEL CONCEPTO 1</b>	<b>2.267,00 €</b>
		13%	294,71 €
		6%	136,02 €
			2.697,73 €
		16%	431,64 €

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 09x530200888 OBRA BIBLIOTECA PIRINGALLA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-12-2009

		<b>TOTAL</b>	<b>3.129,37 €</b>
CONCEPTO 2	CAP.10	CARPINTERÍA DE MADERA	5.852,17 €
		<b>TOTAL DEL CONCEPTO 2</b>	<b>5.852,17 €</b>
		13%	760,78 €
		6%	351,13 €
			6.964,08 €
		16%	1.114,25 €
		<b>TOTAL</b>	<b>8.078,34 €</b>
CONCEPTO 3	CAP.09	SOLADOS, CHAPADOS Y REVESTIMIENTOS	1.980,79 €
	CAP.13	PINTURAS Y VARIOS	4.534,95 €
		<b>TOTAL DEL CONCEPTO 3</b>	<b>6.515,74 €</b>
		13%	847,05 €
		6%	390,94 €
			7.753,73 €
		16%	1.240,60 €
		<b>TOTAL</b>	<b>8.994,33 €</b>
CONCEPTO 4	CAP.16	INSTALACIÓN ELÉCTRICA, PUESTA A TIERRA	32.149,20 €
		<b>TOTAL DEL CONCEPTO 4</b>	<b>32.149,20 €</b>
		13%	4.179,40 €
		6%	1.928,95 €
			38.257,55 €
		16%	6.121,21 €
		<b>TOTAL</b>	<b>44.378,76 €</b>
CONCEPTO 5	CAP.22	VOZ Y DATOS	9.047,21 €
		<b>TOTAL DEL CONCEPTO 5</b>	<b>9.047,21 €</b>
		13%	1.176,14 €
		6%	542,83 €
			10.766,18 €
		16%	1.722,59 €
		<b>TOTAL</b>	<b>12.488,77 €</b>
		<b>TOTAL MEJORAS (CONCEPTO 1 A 5)</b>	<b>55.831,32 €</b>
		13%	7.258,07 €
		6%	3.349,88 €
			66.439,27 €
		16%	10.630,28 €
		<b>TOTAL</b>	<b>77.069,55 €</b>

**O rótulo da biblioteca deberá de adaptarse a sinalética aprobada polo concello para ós rótulos dos edificios municipais; con independencia da que figure no proxecto.**

**As empresas que concurran ó procedemento aceptarán o cambio do rótulo indicado no proxecto pola sinalética que aprobe o concello, sen necesidade de modificado algún, nin aumento do orzamento do contemplado no proxecto.**

As melloras económicas ofertadas ademais da mínima indicada deberán de **indicar o concepto ofertado obxecto de mellora** que deberá de abarcar a totalidade do concepto e que irán do 1 ó 5, non será posible a presentación de mellora parcial dun ou de varios conceptos. A presentación parcial dun concepto non será tida en conta a efectos de valoración, aínda que no caso de adxudicación será obrigatoria a súa realización.

No caso de que a mellora ofertada supere o orzamento estipulado no devandito anexo o restante da mellora será a determinar polo Concello vinculadas en todo caso ó obxecto do contrato e a súa correcta execución, de conformidade coa normativa presupostaria e administrativa vixente. Neste caso as unidades de obra a executar serán previamente consensuadas cos técnicos municipais e a dirección facultativa e deberán ser aprobadas polo órgano de contratación, trala elaboración e presentación do correspondente orzamento de obras a executar coa dita mellora presentada. Para a elaboración do dito presuposto estarase ós prezos establecidos na base de datos da construción de Galicia e en aquelas unidades que non figurasen na base de datos estarase ós prezos de mercado.

## **2. Garantías adicionais ofertadas polo contratista (Máximo 8 puntos).**

Desglosarase este apartado do seguinte xeito:

### 2.1. Incremento do período de garantía: Máximo 6 puntos.

Valorarase o prazo total de garantía que propoña a empresa (incrementando por tanto o prazo de garantía mínima que figura no prego (12 meses)).

Corresponderán cero (0) puntos ós licitadores que, ou ben non fagan mención expresa ou ben propoñan o prazo que consta no prego e obterán a maior puntuación os licitadores que oferten un maior prazo de garantía, puntuándose o resto dos licitadores proporcionalmente. O prazo presentado entenderase de non indicar nada en contra que é o prazo a maiores do mínimo establecido. O incremento dos prazos expresaranse en meses.

### 2.2. Rapidez de resposta, durante o período de Garantía (esixido e o ofertado): Máximo 2 puntos.

Avaliaranse os compromisos concretos de prazos máximos de resposta en caso de avarías ou danos durante todo o período de garantía ofertada pola empresa, teranse en conta as posibilidades reais de cumprimento dos compromisos de rapidez de resposta; polo que **deberá de presentarse xustificación da rapidez**

**de resposta que se propoña**, para o cal deberá de indicarse como se vai a executar e dos medios a dispor.

Entenderase que no caso de non ofertar rapidez de resposta o prazo máximo previsto será de 72 horas, prazo este obrigatorio. A rapidez de resposta expresarase unicamente en horas, os ratios de tempo inferiores non serán valorados. De non expresarse en esta unidade aplicarase o prazo máximo de resposta, a inmediatez deberá de concretarse en horas. De non presentarse xustificación da rapidez de resposta aplicarase igualmente o prazo máximo de resposta.

Establecendose a puntuación máxima a oferta que de unha maior rapidez de resposta (que se manterá durante todo o prazo de garantía ofertado) e cero puntos á empresa que oferte unha rapidez de resposta máis lenta, entendendose esta co tope das 72 horas. Establecendose así a puntuación do resto das empresas proporcionalmente.

### **3. Control de Calidade da Obra (Ata 5 puntos).**

3.1. Sellos de calidade na empresa ISO 9001, sello de gestión ambiental y sellos OSHAS, (Máximo 3 puntos, 1 puntos por sello). **sempre e cando no alcance do sistema da empresa este incluídos os procesos relacionados cos traballos que se van a contratar.** Deberá presentar fotocopia lexible compulsada do certificado. **EN CASO CONTRARIO NON SERÁ VALORADO.**

3.2. Importe de execución material destinado ó Control de Calidade (Máximo 2 puntos), especificado do xeito seguinte:

Avaliarase con cero puntos (0 pts.) o licitador que destine o mínimo que se establece nun 1% do Orzamento de execución material e obterá a máxima puntuación (2 puntos) o licitador que destina o máximo tanto por cento do Orzamento de execución material, correspondendo o resto de licitadores unha puntuación proporcional.

### **CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE:**

#### **4. Estudio Técnico das obras (Máximo 5 puntos)**

4.1 Avaliarase a presentación dun Estudio Técnico das Obras co fin de garantir a execución da obra no tempo ofertado, terase en conta para isto a presentación dun Programa de Construcción das Obras que asegure a súa execución no prazo ofertado, obtido a partir dun estudio de Tempos-Actividades e a súa coherencia co prazo de execución da obra. Puntuarase coa maior puntuación (1 pto.) o mellor estudo dos presentados e con cero o que non o presente sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional.

4.2. Memoria Técnica da planificación da orde de execución dos traballos, adaptada á súa singularidade e particularidades da obra obxecto do contrato. Valorarase a realización dunha planificación da obra describindo nunha pequena memoria a xustificación da citada planificación, con identificación dos equipos humanos e maquinaria adscritos á obra e vinculados co obxecto do contrato, debendo xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo de execución, todo isto adaptado a cada un dos traballos necesarios para unha correcta execución da obra no prazo. Do mesmo xeito deberá de terse en conta a incidencia no avance das obras das condicións climáticas. Puntuarase coa maior puntuación (1 pto.) a mellor memoria das presentadas e con cero o que non a presente sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional.

4.3. Terase en conta a descripción dos medios técnicos e recursos humanos da empresa e do incremento dos recursos humanos con novos traballadores en situación legal de desemprego que proceda a contratar garantindo en ambos casos a relación específica entre a totalidade do persoal laboral aportado e a vinculación co tipo de obra descrita como obxecto do contrato (relación directa cos medios humanos descritos na memoria presentada e o estudo técnico desta). Puntuarase coa maior puntuación (1 pto.) a mellor disposición de recursos das presentadas e con cero o que non a presente sendo a puntuación do resto dos licitadores proporcional.

4.4. Prazo de execución das obras (Ata un máximo 2 puntos)

Avaliarase a redución do prazo de execución contido no prego. As reducións mínimas ofertadas estableceranse en tramos de 15 días ou medio mes, entenderase para o cómputo das puntuación que os meses son de 30 días.

A puntuación mínima (0 puntos) será conquerida por aquelas empresas que non adquiren ningún redución do prazo e a puntuación máxima a que adquira unha maior redución dentro das empresas que se presenten o concurso. O resto das ofertas serán puntuadas proporcionalmente.

**5. Revisións durante todo o prazo de garantía o esixido e o ofertado. (Máximo 2 puntos).**

Neste apartado o licitador deberá incluír a descripción das principais revisións que se comprometen a realizar, indicando a súa frecuencia e periodicidade, os equipos e instalacións a ser revisados e probas a realizar, así como o mantemento da edificación necesaria para unha correcta utilización da edificación (que se manterá durante todo o prazo de garantía ofertado), sen que iso supoña custe algún para a administración nin obviar á garantía no resto dos sistemas e materiais que non se describan.

Establecendose a puntuación máxima a oferta que realice un maior número de revisións por ano, e cero puntos a empresa que non oferte ningunha revisión, entendendose como mínima 1 revisión anual de todos os equipos, instalacións así

como mantementos necesarios da edificación. Establecendose así a puntuación do resto das empresas proporcionalmente. Para o calculo da puntuación **terase en conta a descrición presentada obtendo a máxima puntuación a oferta que contemple a revisión mais exhaustiva** acadando por tanto a máxima puntuación 2 puntos.

### **DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA**

1.. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no BOP e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa: Poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta algunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicación que figuran nos pregos.

2.- No prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

### **DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos



impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

#### **DÉCIMO QUINTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO**

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a **quinze días** dende a data da súa formalización, salvo casos excepcionais xustificadas, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

#### **DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o Director facultativo designado polo Concello. Ademais, o Concello designará un responsable do contrato, o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP sen perxuízo das propias da dirección facultativa nos contratos de obras (capítulo V do Título II do Libro IV da LCSP).

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 217 da LCSP.

Só se admitirán as modificacións do contrato de carácter técnico que non supoñan incremento dos custos. polo tanto non será posible ningún outro modificación sendo a cargo do cotratista calquera incidencia que se produza durante a execución do contrato agás se deba a unha orde directa e por escrito do concello de Lugo.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

#### **DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS**

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, (600 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

#### **DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servizo de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun servizo de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.
- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.
- ◆ Coordinación de actividades empresariais.  
No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:
  - O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
  - O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.

- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:
  - Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
  - As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
  - As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.
- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.
- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarase da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.
- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

#### **DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

**O contratista adxudicatario deberá colocar ó seu cargo un cartel de obra segundo o modelo e as indicacións do Concello de Lugo.**

**O contratista adxudicatario deberá destinar unha porcentaxe do 2% do importe de adxudicación do contrato (IVE incluído) para un plan de comunicación da execución da obra de conformidade co Gabinete de Alcaldía do Concello.**

#### **VIXÉSIMA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO.**

Ó remate das obras subscribírase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período será o sinalado polo adxudicatario na súa oferta.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais, unha vez emitidas a correspondentes certificacións polo Director facultativo, e conformada polo responsable do contrato e maila Concelleira delegada da área de economía e emprego.

Ós efectos sinalados no artigo 201 da LCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 220 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 222 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

### **VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS**

Contra os actos dictados polo órgano de contratación neste procedemento referidos a adxudicación provisional, pregos reguladores da licitación e actos de trámite a que se refire o artigo 107.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro caberá a interposición do recurso potestativo de reposición ( artigo 116) no prazo de un mes contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto impugnado ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses ( artigo 8 da Lei 28/1998 de 13 de xullo) dende a notificación ou publicación.

### **A N E X O**

#### **DATOS:**

<b>EMPRESA:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX.:</b>	

#### **MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

<b>1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b>			
<b>NOME:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX:</b>	

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 09x530200888 OBRA BIBLIOTECA PIRINGALLA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-12-2009

<b>ESPECIALIDADES CONTRATADAS:</b>	
<b>PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:</b>	

**\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

**2°  COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**

**\* Xuntar a acta de Constitución.**

**3°  TRABALLADOR DESIGNADO**

**Nome e Apelidos:**

**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:**

**SELO DA EMPRESA**

**D.N.I.:**

**FIRMA:**

**DATA:"**

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.030.123,44 euros con cargo á partida 4510.62209 do vixente Orzamento xeral.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.